

Resolucion de acordo de inscricion e publicacion do texto do Convenio colectivo do sector de pasteleria, confeitaria, bolaria, reposteria e pratos precociñados na provincia de Ourense 2014-2015 (codigo 32000785011999)

Convenio ou acordo: pastelería, confeitaría, bolaría, repostería e pratos precociñados.

Expediente: 32/01/0032/2014

Data: 08/07/2014.

Asunto: resolución de inscrición e publicación.

Destinatario: María José de Miguel Pérez.

Código de convenio n.º32000785011999.

Despois de ver o texto do Convenio colectivo do sector de pastelería, confeitaría, bolaría, repostería e pratos precociñados na provincia de Ourense 2014-2015 (código 32000785011999), no que non constan as medidas dirixidas a promover a igualdade de trato de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito laboral, que se subscribiu o día 19/06/2014, dunha parte, en representación da parte empresarial, polos/as designados/as pola Asociación de Empresarios de Confeitaría e Pastelería de Ourense e, doutra, en representación da parte social, polos/as designados/as polas centrais sindicais: Unión Xeral de Traballadores (UXT) e Comisións Obreiras (CCOO) e, de conformidade co que dispón o artigo 90 do Estatuto dos traballadores, Texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995 do 24 de marzo, o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e o Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, esta xefatura territorial acorda:

Primeiro.- Ordenar a inscrición do mencionado convenio colectivo no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, que se creou mediante a Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG 222, do 18 de novembro de 2010) e notificación ás representacións empresarial e social da Comisión Negociadora.

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense.

Asdo.: José Selas Souto.

I. Disposicións xerais

Artigo 1º.- Ámbito funcional e territorial

Este convenio regula as relacións laborais nas actividades industriais de pastelería, confeitaría, bolaría, repostería e pratos precociñados na provincia de Ourense. Así mesmo, quedan incluídas as actividades comerciais, tanto almacenista como retallista, derivadas das indicadas anteriormente.

Artigo 2º.- Ámbito persoal

Comprenderá ás empresas indicadas no artigo anterior e a todos os seus traballadores. Rexerá igualmente para aquelas empresas que, reunindo tales condicións, se establezan no futuro dentro do seu ámbito de aplicación.

Artigo 3º.- Ámbito temporal

O convenio entrará en vigor, para todos os seus efectos, o día 1 de xaneiro de 2014, ata o 31 de decembro de 2015. Unha vez finalizada a súa vixencia inicial, entenderase prorrogado por períodos dun ano se calquera das partes non o denuncia por escrito ante a outra con tres meses de antelación á data de finalización da súa vixencia, expresándose na denuncia as cuestións obxecto de negociación.

Artigo 4º.- Compensación e absorción

Todas as melloras económicas e de traballo serán compensables e absorbibles, en cómputo anual e ata onde alcancen, con todas aquelas melloras voluntarias que teñan concedidas as empresas, tanto se son aboadas en metálico como en especie e habitación, ou incentivos sobre vendas ou á produción, calquera que sexa o sistema aplicado, así como as producidas ou as que se produzan en disposicións legais a partir da data de entrada en vigor do convenio.

Sen prexuízo de que se poidan estender a calquera situación as melloras establecidas neste convenio nin a facultade de amplialas, as empresas que lle veñan aboando ao seu persoal salarios superiores aos esixidos regulamentariamente non estarán obrigadas a aplicar as subidas que se fixen nas presentes estipulacións, salvo a contía necesaria para suplir diferenzas.

Artigo 5º.- Garantía ad personam

Todas as melloras concedidas neste convenio teñen o carácter de mínimas. Respectaranse a título individual as condicións económicas que fosen superiores ás establecidas neste convenio.

Artigo 6º.- Comisión Paritaria

Segundo o disposto no artigo 91 do ET, créase unha Comisión Paritaria que terá as seguintes funcións:

1ª.- Coñecer e resolver cuestións de aplicación e interpretación do convenio.

2ª.- O desenvolvemento de funcións de adaptación ou modificación do convenio durante a súa vixencia.

3ª.- Coñecer e resolver discrepancias tras a finalización do período de consultas en materia de modificación substancial de condicións de traballo ou non aplicación salarial do convenio.

4ª.- Intervir en supostos de modificación substancial das condicións de traballo ou non

aplicación do réxime salarial do convenio.

Estará integrada por seis persoas, tres da Asociación de Confeitería e Pastelería de Ourense, e dúas de UXT, e unha de CCOO fixando a parte empresarial o seu domicilio na praza das Damas, n.º 1, 32005 Ourense e no Parque San Lázaro, n.º 12, 1º, 32003 Ourense, a parte social.

A Comisión Paritaria deberá reunirse no prazo máximo de 5 días contados desde o momento en que recibise comunicación, na que solicite a súa intervención.

En caso de discrepancia na adopción de acordos, estes serán sometidos ao AGA para a resolución da controversia exposta. Os acordos aos que se chegue na Comisión Paritaria en cuestións relativas ao convenio, considéranse parte deste e terán a súa mesma eficacia e obrigatoriedade. Tales acordos serán rexistrados.

II. Réxime de traballo

Artigo 7º.- Xornada

A xornada de traballo para as empresas e traballadores será de 40 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual.

Dadas as especiais características do ciclo produtivo anual das empresas do sector, en virtude das cales se soe acumular a produción en determinados períodos do ano, en detrimento doutros nos que a produción baixa considerablemente, acórdase establecer unha distribución horaria heteroxénea para o sector, que contribúa a unha mellora da produtividade.

Polo tanto, ambas as partes acordan que a xornada diaria máxima para os traballadores do sector será de 9 horas diarias, e o devandito exceso de xornada compensarase en períodos de menor produción.

Así mesmo, as empresas dispoñerán dun máximo de doce días ao ano nos que a xornada poderá alcanzar un máximo de doce horas diarias, compensando o exceso de xornada diaria en períodos de menor produción, todo isto tendo en conta as normas legais vixentes sobre descanso entre xornadas.

Artigo 8º.- Traballo en festivos

As catorce festas anuais legalmente establecidas, con excepción do establecido no artigo 9º, compensaranse cada unha delas cun día laborable para gozar segundo o acordo entre a empresa e o traballador e, en caso de desacordo, dentro dos quince días inmediatamente posteriores. Todo isto é sen menoscabo dos acordos que teñen pactados na devandita materia as empresas afectadas e os seus traballadores.

Dentro das xornadas establecidas neste convenio, a fixación do horario de traballo será facultade da empresa.

Artigo 9º.- Días de inactividade obrigatoria

Consideraranse días de inactividade obrigatoria os seguintes:

Día 27 de abril: festividade da patroa do gremio. A celebración desta festividade poderá adiantarse ou atrasarse en función do día da semana no que coincida.

Día 25 de decembro: festividade de Nadal.

Artigo 10º.- Horas extraordinarias

Terán a consideración de horas extraordinarias aquelas que se realicen sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo. As horas extraordinarias poderán retribuírse ou compensarse con descansos nos catro meses seguintes á súa realización.

Artigo 11º.- Vacacións

O persoal incluído no ámbito de aplicación deste convenio gozará dun período anual de vacacións de 30 días naturais que se gozarán, salvo pacto en contra, en dous períodos de quince días, as de verán nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e as de inverno nos meses restantes. O período ou períodos do seu goce fixaranse de común acordo entre o empresario e o traballador, tendo en conta que as datas non poderán producirse nos períodos de maior produtividade.

Se a empresa leva a cabo o peche por vacacións, as vacacións dos traballadores gozaranse durante as devanditas datas.

O traballador coñecerá as datas que lle correspondan de vacacións dous meses antes, polo menos, do comezo do seu goce.

Artigo 12º.- Período de proba

As admisións do persoal consideraranse provisionais durante un tempo de proba variado, segundo a índole do traballo a que cada traballador sexa destinado, que non poderá exceder do sinalado na seguinte escala:

Titulados: 6 meses.

Persoal non titulado: 3 meses.

Unha vez transcorrido o período de proba sen denuncia de ningunha das partes, o traballador continuará na empresa baixo as condicións establecidas no seu contrato de traballo.

Artigo 13º.- Cesamentos

O traballador que, de forma voluntaria, queira causar baixa na empresa deberá comunicalo por escrito cunha antelación mínima de quince días. Se faltase este requisito, a empresa poderá descontar da liquidación do traballador afectado o importe das retribucións diarias por cada día de atraso no aviso.

Artigo 14º.- Contrato en formación

Debido ás necesidades de cualificación dos traballadores do sector, tanto no que se refire aos labores de obradoiro como ao persoal mercantil e administrativo, e de acordo co establecido no apartado c) do parágrafo segundo do artigo 11 do Estatuto dos traballadores, a duración máxima dos contratos de formación laboral realizados aos traballadores afectados por este convenio será de tres anos.

A dita duración máxima será aplicable tanto aos contratos asinados a partir da entrada en vigor deste convenio como aos xa vixentes con anterioridade.

Artigo 15º.- Contrato eventual por circunstancias da produción, acumulación de tarefas ou

exceso de pedidos

O contrato de duración determinada regulado no artigo 15.1º b) do Estatuto dos traballadores, poderá ter unha duración máxima de 12 meses dentro dun período de 18 meses.

Artigo 16º.- Permisos retribuídos

O persoal terá dereito a gozar do permiso retribuído nos casos que seguidamente se establecen, así como naqueles casos que determine a lexislación vixente:

1. Quince días naturais por matrimonio.
2. Un día por traslado do domicilio habitual.
4. Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, comprendido o exercicio do sufraxio activo.

Artigo 17º.- Incapacidade temporal

As empresas complementarán ata o 100% do salario do traballador as prestacións económicas derivadas de accidente laboral ou enfermidade profesional, durante un máximo de 6 meses dende o primeiro día de baixa.

III. Condicións económicas

Artigo 18º.- Salario

As condicións económicas para 2014 son as que se detallan no anexo I e representan un incremento de 0.50% sobre as de 2012. O seu pago farase efectivo a partir do mes de xullo de 2014, non tendo carácter retroactivo, e non se aboará, en consecuencia, incremento de xaneiro a xuño de 2014.

En 2015, os salarios incrementaranse no 1%, e aboarase dende o 1 de xaneiro, segundo a táboa do anexo I.

Artigo 19º.- Pagas extraordinarias

Os traballadores comprendidos no ámbito de aplicación deste convenio gozarán anualmente de dúas pagas extraordinarias, integradas por 30 días de salario base máis a antigüidade consolidada. Estas pagas percibiranse o 15 de xullo e o 23 de decembro.

Así mesmo, en concepto de paga de beneficios, os traballadores percibirán dúas pagas extraordinarias constituídas por 15 días de salario base máis a parte proporcional de antigüidade consolidada, que se aboarán nos cinco primeiros días do mes de marzo e do mes de outubro.

A empresa poderá ratear mensualmente as pagas extraordinarias. Nos casos de traballador de nova incorporación, reingreso ou cesamento na empresa, a contía das pagas extraordinarias calcularase en proporción ao tempo traballado durante o ano.

Artigo 20º.- Antigüidade

As partes acordan que, co fin de potenciar a creación do emprego no sector, o concepto económico de antigüidade queda establecido do seguinte modo:

Tendo en conta a data do seu ingreso na empresa, ningún traballador percibirá unha antigüidade superior a 6 trienios. Dende o 1 de xaneiro de 1998, por cada trienio percibirase a cantidade de 9,62 euros, cun máximo de 6 trienios.

Os traballadores que xa estivesen a percibir algunha cantidade en concepto de antigüidade, verán a súa contía conxelada en anos sucesivos, situándose o importe percibido ata a data nun recadro da follla de salarios creado para o efecto, baixo o concepto de antigüidade consolidada, aínda que a antigüidade que teñan consolidada terase en conta para os efectos de recoñecer o período máximo computable en concepto de antigüidade que quedou fixado en seis trienios, é dicir, en dezaioito anos.

Artigo 21º.- Axudas de custo

Terán dereito a elas todos os traballadores que, por orde expresa do empresario ou persoa que o represente, se vexan obrigados a realizar viaxes ou traballos de carácter profesional por conta e baixo a dependencia da empresa, con desprazamentos a lugares distantes do centro de traballo que imposibiliten o seu regreso e nos que sexa necesario efectuar comidas fóra do seu domicilio habitual, ou cando teñan necesidade de desprazarse a localidades na que a misión encomendada esixa unha permanencia que obligue a aloxarse.

Para o pagamento das axudas de custo utilizarase o sistema de gastos que xustificar, sen que a súa contía poida exceder do seguinte:

Axuda de custo completa: 23,29 €

Media axuda de custo: 11,65 €

Non se considerarán comprendidos nestes casos os traballadores afectos aos servizos de transporte e repartición en localidades distintas a aquela na que radique a fábrica ou depósito.

Artigo 22º.- Póliza de seguros

As empresas subscribirán, con carácter obrigatorio, unha póliza de seguros que cubrirá aos traballadores, no caso de accidente laboral, nas seguintes contías:

Falecemento: 15.025,30 €.

Invalidez permanente total, absoluta e grande invalidez: 15.025,30 €.

IV. Clasificación profesional

Artigo 23º.- Clasificación do persoal

As clasificacións do persoal son meramente enunciativas, non supoñen a obriga de ter provistos todos os grupos enunciados, como tampouco as categorías profesionais en que se dividen, se as necesidades e volume da empresa non o requiren. O persoal que preste os seus servizos na empresa clasificarase tendo en conta as funcións que realiza nun dos seguintes grupos:

I. Técnicos.

II. Administrativos.

III. Mercantís.

IV. Persoal de produción.

I. Técnicos: quedan clasificados neste grupo quen realiza traballos que esixan, con titulación ou sen ela, unha adecuada competencia ou práctica, exercendo funcións de tipo facultativo, técnico ou de dirección especializada.

De grao superior: os que posúen título universitario ou de Escola Especial Superior.

De grao medio: os que posúen o correspondente título expedido polas entidades legalmente capacitadas para iso.

Técnico non titulado: encargado xeral, mestre de obradoiro.

II. Administrativos: quedan comprendidos neste concepto quen realice traballos de mecánica administrativa, contables e outros análogos non comprendidos no grupo anterior.

Xefe de administración, administrativo oficial de primeira, administrativo oficial de segunda, auxiliar.

III. Mercantís: comprende o persoal que se dedique á promoción das vendas, comercialización dos produtos elaborados pola empresa e o desenvolvemento da súa publicidade, como tamén á venda destes, tanto por xunto como ao detalle ou polo sistema de autovenda, xa traballe na localidade na que radica a fabricación dos produtos como naquelas outras nas que existan oficinas, depósitos de distribución ou delegacións de vendas propias.

Dependente, axudante de dependente.

IV. Persoal de produción: inclúe este grupo ao persoal que execute fundamentalmente traballo de índoles material ou mecánico.

oficial de primeira, oficial de segunda e axudante.

Artigo 24º.- Definición das categorías profesionais

I. Técnicos:

A. Técnico titulado de grao superior: é quen en posesión de título académico superior desempeña na empresa funcións, con mando ou sen el, propias da súa titulación.

B. De grao medio: é quen en posesión de título académico de grao medio desempeña na empresa funcións da súa titulación.

C. Non titulados: Encargado xeral: é quen, baixo as ordes inmediatas da dirección, coordina e controla as distintas seccións, desenvolvendo os correspondentes plans, programas e actividades, ordenando a execución dos traballos, respondendo ante a empresa da súa xestión.

Mestre de obradoiro: é quen, procedendo de categorías inferiores, posúe os coñecementos técnicos da fabricación nas súas respectivas fases, tendo por misión coñecer e interpretar as fórmulas e análises de produtos, facilitar os datos de gastos de man de obra, materias primas, avances e orzamentos, especificando con todo detalle os ciclos de elaboración. Deberá posuír iniciativa e sentido artístico, se é o caso, para a boa presentación dos artigos que elabora, profundo coñecemento das máquinas empregadas, sendo responsable ante a empresa de toda anomalía, tanto na maquinaria como na produción.

Nos obradoiros de confeitaría con máis de tres oficiais, será obrigatoria a existencia de mestre ou encargado, a non ser que o propio empresario realice as funcións correspondentes por posuír adecuados coñecementos profesionais.

II. Administrativos:

A. Xefe de administración: é o empregado que, con coñecementos completos de funcionamento de todos os servizos administrativos, leva a responsabilidade e dirección total da marcha administrativa da empresa.

B. Oficial de primeira: é o empregado cun servizo determinado ao seu cargo que, con iniciativa e responsabilidade restrinxida, con ou sen outros empregados ás súas ordes, executa algún dos seguintes traballos, funcións de cobranza e pagamento, dependendo directamente dun caixeiro ou xefe, e desenvolvendo o seu labor como axudante ou auxiliar deste, sen ter sinatura nin fianza, facturas e cálculo desta, sempre que sexa responsable desta misión, cálculo de estatísticas, transcripción en libros de contas correntes, diario maior, correspondentes, redacción de correspondencia con iniciativa propia, liquidacións e cálculo das nóminas de salarios, soldos e operacións análogos.

C. Oficial de segunda: é o empregado con iniciativa restrinxida e subordinación a xefe ou oficiais de primeira, se os houber, que efectúa operacións auxiliares de contabilidade e coadxuvantes destas, organización de arquivos ou ficheiros, correspondencias sen iniciativa e demais traballos similares. Nesta categoría incluíranse os taquimecanógrafos en idioma nacional.

D. Auxiliar: é o empregado, sen iniciativa propia, dedícase dentro da oficina a operacións elementais administrativas e, en xeral, ás puramente mecánicas inherentes ao traballo naquelas.

III. Mercantís

Dependente: é o empregado encargado de realizar as vendas, con coñecementos prácticos dos artigos cuxo despacho lle está confiado, en forma que poida orientar ao público nas súas compras (cantidade precisa, segundo características do uso que se destine, novidades, etcétera), deberá coidar o recuento de mercadorías para solicitar a súa reposición en tempo oportuno e exhibición de escaparates e vitrinas, posuíndo, ademais, os coñecementos elementais de cálculo mercantil que son necesarios para efectuar as vendas.

Axudante: é o empregado que auxilia aos dependentes nas súas funcións propias, facilitándolles o labor e podendo realizar por si operacións de venda. Así mesmo, realiza os traballos de repartición e distribución.

IV. Persoal de produción

Oficial de primeira: é quen realiza a aprendizaxe coa debida perfección e adecuado rendemento, executa, con iniciativa e responsabilidade, todos ou algúns labores propios deste, con produtividade e resultado correctos, coñecendo as máquinas, útiles e ferramentas que teña ao seu cargo para coidar da súa normal eficacia, engraxado e conservación, poñendo en coñecemento dos seus superiores calquera dano que observe e que poida diminuír a produción.

Oficial de segunda: integrarán esta categoría quen, sen chegar á perfección esixida para os oficiais de primeira, executan as tarefas antes definidas coa suficiente corrección e eficacia.

Axudante de obradoiro: é quen axuda na realización das tarefas encomendadas aos oficiais de

primeira e segunda, estando capacitado para suplir a estes últimos en caso de ausencia, mentres dure a súa situación laboral nesta categoría.

V. Disposicións diversas

Artigo 25º.- Vixilancia da saúde

En cumprimento do artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde, en función dos riscos inherentes ao seu posto de traballo. Esta vixilancia só se poderá levar a cabo cando o traballador preste o seu consentimento.

Con base no devandito artigo, a empresa efectuará recoñecementos médicos periódicos, que serán de libre consentimento para o traballador. Cando non desexe efectuar o devandito recoñecemento, o traballador, a requirimento da empresa, deberá asinar a non aceptación.

Artigo 26º.- Pezas de traballo

As empresas estarán obrigadas a facilitar gratuitamente ao persoal que necesite roupa de traballo, batas, fundas, gorros, calzado, para o seu uso no centro de traballo, etc., que serán repostas unha vez que se deteriorenen.

Artigo 27º.- Submisión ao AGA

Ante a importancia que pode ter para a resolución pacífica dos conflitos laborais a elaboración do acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo (AGA), asinado entre a Confederación de Empresarios de Galicia e as organizacións sindicais UXT, CCOO e CIG, as partes asinantes deste convenio, durante a súa vixencia, acordan someterse ás disposicións contidas no AGA nos propios termos nos que están formuladas.

Artigo 28º.- Partes asinantes

O convenio foi asinado pola Asociación de Empresarios de Confeitería e Pastelería de Ourense, por UXT e CCOO.

Artigo 28º.- Dereito supletorio

No non establecido neste convenio, as partes remítense ao acordo marco estatal de pastelería, confeitería, bolaría, repostería e pratos precociñados, (BOE 11-03-1996) e o Real decreto lexislativo 1/1995, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Anexo I.- Salarios

Grupos profesionais; salario; 2014; salario; 2015

Grupo I Técnicos

Encargado/a xeral; 980,59; 990,39

Mestre de obradoiro; 940,51; 949,91

Encargado/a de sección; 792,51; 800,44

Grupo II Administrativos

Xefe/a de administración; 980,59; 990,39

Administrativo/a 1ª; 792,51; 800,44

Administrativo/a 2ª; 745,89; 753,35

Auxiliar; 692,73; 699,65

Grupo III Mercantís

Dependente/a; 692,73; 699,65

Axudante/a de dependente/a; 692,73; 699,65

Grupo IV - Persoal de produción

Oficial 1ª; 792,51; 800,44

Oficial 2ª; 699,25; 706,25

Axudante/a de obradoiro; 692,73; 699,65

Os salarios correspondentes a 2014 aboaranse dende o mes de xullo sen aboamento de atrasos.

Asociación de Empresarios de Confeitería e Pastelería de Ourense; Martín Sousa Rodríguez, Ana Cerviño Cores, Camilo Álvarez González, Carlos March Tesouro, Sara Martínez Seoane, Sergio Vázquez Basallo; UXT

Juan Antonio González, Manuel González Cacheiro; CCOO